

«é o momento non de
cambiar as regras,
senón de xogo.
é o momento
de cambiar
o mundo»



2026, ano
Begoña Caamaño

Podcast e propostas didácticas para
celebrarmos a

BEGOÑA CAAMAÑO

Sandra Villar Giner

Eli Ríos Liste

Asemblea de Mulleres do STEG



ÍNDICE

<u>As autoras</u>	1
<u>Agradecementos</u>	2
<u>O podcast</u>	3
<u>Unidade didáctica: Tecer con Begoña Caamaño ou o labirinto azul de Circe e Penélope</u>	5
• <u>Competencias</u>	6
• <u>Temporalización e desenvolvemento da actividade</u>	6
• <u>Xogo: Tecer o labirinto azul con Circe e Penélope</u>	11
• <u>O mural colectivo</u>	13
• <u>Teatro improvisado</u>	13
• <u>Avaliación</u>	15
• <u>Anexo I</u>	17
<u>Unidade didáctica: O podcast “Celebramos a Begoña Caamaño”</u>	19
• <u>Competencias</u>	20
• <u>Temporalización e desenvolvemento da actividade</u>	20
• <u>Autoavaliación</u>	21
• <u>Episodio 1: A Begoña Caamaño xornalista</u>	21
• <u>Episodio 2: A Begoña Caamaño activista feminista</u>	25
• <u>Episodio 3: A Begoña Caamaño novelista</u>	29

Eli Ríos

Elisabet Ríos Liste é escritora e profesora cunha sólida traxectoria na literatura contemporánea en lingua galega. Compaxina o seu labor docente coa creación literaria, contribuíndo á formación crítica do alumnado e á defensa da educación pública.

A súa obra abrangue poesía, narrativa e literatura infantil e xuvenil, caracterizándose por unha voz propia, innovadora e comprometida co feminismo, coa análise das relacións de poder e coa exploración da identidade. Ao longo da súa carreira recibiu diversos premios, entre eles o Premio de Poesía Concello de Carral.

Participa tamén en iniciativas como A Segra, desde onde promove unha lectura feminista da literatura galega e contribúe á visibilización das creadoras.

O seu traballo sitúase nunha liña de compromiso coa lingua galega, coa cultura propia e coa construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria, valores fundamentais tamén no ámbito educativo

Sandra Villar Giner

Sandra Villar Giner, integrante da Asemblea de Mulleres do STEG, é profesora de ensino secundario na Coruña e coautora de diversos materiais didácticos e libros de texto para a materia de Lingua Galega e Literatura.

O seu labor docente e educativo está estreitamente vinculado á coeducación, á promoción da lingua galega e á incorporación da perspectiva feminista no ensino.

A Asemblea de Mulleres quere expresar o seu recoñecemento e agradecemento a Sandra Villar Giner e Elisabet Ríos Liste pola súa valiosa contribución á elaboración desta unidade didáctica dedicada a Begoña Caamaño.

O seu compromiso coa educación pública galega, coa creación de materiais coeducativos e coa defensa da lingua propia resulta fundamental para avanzar cara a un modelo educativo crítico, inclusivo e feminista. Nun contexto no que o Día das Letras Galegas se dedica á figura de Begoña Caamaño, o seu traballo adquire aínda maior relevancia ao contribuír á difusión da súa obra e ao fortalecemento do galego como lingua de coñecemento, creación e identidade colectiva.

A través desta unidade, contribúen á posta en valor da traxectoria de Begoña Caamaño, destacando a súa achega ao pensamento crítico, ao feminismo e á cultura galega, así como o seu papel como referente intelectual e comunicativo. Así mesmo, reforzan o papel do profesorado como axente de transformación social e como peza clave na construción dunha sociedade máis xusta, igualitaria e libre de discriminacións.

A Asemblea de Mulleres recoñece e pon en valor este labor, que constitúe un exemplo de compromiso coa coeducación, coa defensa dos dereitos das mulleres e coa promoción da lingua galega no ámbito educativo.

Emma. G. Ferreiro

Secretaría da Asemblea de Mulleres do STEG

O PODCAST

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2026 a Begoña Caamaño, a Asemblea de Mulleres do STEG impulsou o podcast *“Celebrando a Begoña Caamaño”*, unha proposta pensada para achegar ao alumnado e á comunidade educativa a figura dunha autora imprescindible para comprender a literatura, o feminismo e o pensamento crítico na Galiza contemporánea.

O podcast, conducido por Marga Tojo, reúne distintas voces do ámbito do xornalismo, da literatura e do activismo feminista para analizar as múltiples dimensións da traxectoria vital e intelectual de Begoña Caamaño.

Lucía Junquera achega unha reflexión arredor da súa labor xornalística e do seu compromiso coa comunicación pública e coa defensa dunha información rigorosa e comprometida coa realidade social e cultural galega.

Pim Patinho aborda a dimensión máis activista de Begoña Caamaño, destacando o seu papel dentro do feminismo galego e a súa participación nas loitas pola igualdade, polos dereitos das mulleres e pola transformación social.

Na dimensión literaria participan as escritoras Susana Sanches Arins e Eli Ríos, dúas voces que afondan na relevancia da obra de Begoña Caamaño, destacando a súa capacidade para reinterpretar os mitos desde unha perspectiva feminista, cuestionar os discursos hexemónicos e construír unha narrativa comprometida coa lingua galega, coa memoria e coa igualdade.

O podcast constitúe así un recurso didáctico de grande valor para traballar na aula a figura de Begoña Caamaño desde unha perspectiva interdisciplinar, poñendo en diálogo literatura, feminismo, xornalismo, activismo e defensa da lingua galega. A través deste formato próximo e accesible, a Asemblea de Mulleres do STEG procura contribuír á difusión do legado dunha autora fundamental da cultura galega contemporánea e fomentar no alumnado unha mirada crítica, igualitaria e comprometida coa realidade social.

O PODCAST

A Asemblea de Mulleres do STEG quere expresar tamén o seu sincero agradecemento a todas as persoas e entidades que fixeron posible este proxecto: a Marga Tojo pola condución e coordinación do podcast; a Lucía Junquera pola súa achega ao coñecemento da faceta xornalística de Begoña Caamaño; a Pim Patinho pola reflexión arredor do seu activismo feminista; e a Susana Sánchez Arins e Eli Ríos polas súas valiosas análises da súa obra literaria.

Do mesmo xeito, queremos agradecer especialmente a Sabela Pernas o seu traballo técnico e de son, fundamental para a realización do podcast; á AGARESO pola cesión dos medios de gravación; e á Casa do Taberneiro por facilitar o espazo no que se realizou a gravación. Co esforzo colectivo de todas elas foi posible construír esta homenaxe coral a Begoña Caamaño e ao seu legado intelectual, feminista e cultural.

O podcast pode escoitarse en:

[Celebrando a Begoña Caamaño – Podcast da Asemblea de Mulleres do STEG](#)

UNIDADE DIDÁCTICA: TECER CON BEGOÑA CAAMAÑO OU O LABIRINTO AZUL DE CIRCE E PENÉLOPE.

Nesta unidade traballaremos principalmente a novela *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño, e poñerémola en relación con Morgana en Esmelle. Estas obras son maravillosas para redescubrir a mitoloxía e propoñer unha nova mirada crítica sobre a transmisión cultural.

Esta UD deseñouse para usar en 1º da ESO nun grupo de trinta persoas, pero é adaptable tanto a outras aulas como a outros niveis. Temos, entón, catro momentos necesarios no desenvolvemento das tarefas e, ademais, farase unha gammificación dos elementos para que o alumnado participe de forma activa e cumpramos coas competencias da LOMLOE (especialmente a CCL, CCEC e CPSAA) seguindo estratexias cooperativas e de teatro improvisado.

Por outra banda, respecto á temporalización, contaremos con seis sesións de 50 mn para a realización e desenvolvemento desta unidade didáctica.

1. COMPETENCIAS

CCL (Comunicación Lingüística):

- Lectura comprensiva, expresión oral e escrita.
- O alumnado le, interpreta e sintetiza textos de Begoña Caamaño e adáptaos a novos formatos.

CCEC (Conciencia e Expresión Culturais):

- Coñecemento do mito clásico e a súa reinterpretación moderna.
- O alumnado valora a literatura galega e o recoñecemento de Caamaño no contexto das Letras Galegas 2026.

CPSAA (Persoal, Social e de Aprender a Aprender):

- Traballo cooperativo en equipo, xestión do tempo e empatía coas personaxes.

CC (Competencia Cidadá):

- Reflexión sobre a igualdade de xénero e a necesidade de recuperar a voz das figuras silenciadas pola historia (sororidade).

CP (Competencia Plurilingüe):

- Comparación da tradición épica grega coa narrativa galega actual.

2. TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.

2.1. Lectura acompañada (2 sesións).

Durante dúas sesións achegaremos diferentes fragmentos tanto de *Circe ou o pracer do azul*, da *Odisea*, de *Merlín e familia* como de *Morgana en Esmelle*. Podemos, ademais, incorporar músicas, memes, anacos de series, etc, que recollan a visión das personaxes en diversos formatos.

a) Presentación da actividade.

Esta descrición é a que se utilizou nesta unidade, pero podes engadir, quitar ou adaptar á túa vontade. Canto máis persoal, máis lle vai chegar ao alumnado.

Begoña Caamaño coñecía un segredo sobre aquelas mulleres que ninguén escoitou e... sabedes? Quere compartilo convosco!

Imaxinade que levades miles de anos sendo a xente "mala" da película. Imaxinade que todo o mundo di que sodes unha bruxa perigosa como Circe ou unha muller que só sabe chorar e esperar como Penélope. Gustaríavos que alguén vos deixase contar a vosa versión? A de verdade e non esa que se ve desde fóra? Pois iso é o que imos facer!

*Así que preparádevos porque hoxe imos viaxar a **Eea**, unha illa rodeada dun azul infinito. Pero non imos alí con Ulises, o heroe que sempre quere mandar. Non, non! Imos da man de **Begoña Caamaño**, a escritora a quen toda Galicia lle rende homenaxe neste **2026** porque decidiu que xa era hora de que Circe e Penélope falasen entre elas, por carta, como amigas, descubriendo que teñen moitomás en común do que nos fixeron crer. E serán elas mesmas quen nos conten a súa versión!*

*E vós que pintades nesta historia? Pois estes días vós non seredes alumnado de 1º de ESO, non. Vós ides ser **habitantes de Eea** e axudarédeslle a Begoña Caamaño a reconstruír a memoria das mulleres e a entender por que o 'azul' non é só unha cor, senón un xeito de sentir a liberdade. Estadades listos e listas para hackear o mito?*

b) Lectura acompañada.

Nestas dúas primeiras sesións as persoas docentes realizaremos unha mediación para poder conseguir unha visión ampla e panorámica destas obras. Para iso, leremos diferentes fragmentos sobre as obras que imos analizar e traballaremos os seguintes aspectos:

- **Sentido Crítico:** O alumnado aprende que as historias non son "verdades absolutas", senón versións que dependen de quen as conte.
- **Intertextualidade:** Relacionan o mito clásico (Odisea), o ciclo artúrico (A. Cunqueiro) e a literatura galega contemporánea (B. Caamaño).
- **Empoderamento:** Ven como a literatura serve para reparar inxustizas históricas e situar no centro da historia (actante) as mulleres.

Cada docente realizará a súa propia escolla para ofrecerlle ao alumnado. Aquí propoñemos dous exemplos de posibles de relacións entre obras e periodos literarios como mostra.

b.1) Circe e o pracer do azul

Esta novela é unha **relectura do mito de Odiseo (Ulises)** desde un punto de vista feminino e galego. A historia céntrase no intercambio epistolar (cartas) e nos diálogos entre dúas mulleres que a tradición presentou como opostas:

- **Circe:** A maga da illa de Eea, famosa por converter os homes en porcos. Aquí descubrimos que non é malvada, senón unha muller independente que ama a súa soidade e a súa liberdade e non quere ser escrava nin das convencións sociais nin das estruturas patriarcais de poder.

Penélope: A esposa de Ulises, que o espera en Ítaca. Lonxe de ser a "esposa paciente" sen máis, Penélope é unha muller intelixente que mantén unha relación de sororidade e amizade secreta con Circe alén de gobernar ela soa un país.



A través das súas voces, Begoña Caamaño reflexiona sobre o **desexo, a memoria** e a importancia de **ser donas do noso propio destino**. Neste ser quen dirixa o noso futuro para transformalo podemos usar, tamén, a referencia a Xohana Torres co que comeza e remata *Circe e o pracer do azul*, o poema de Tempo de ría ("eu tamén navegar").

Polo tanto, é esta unha obra que humaniza os mitos e apréndenos que a amizade entre mulleres (a sororidade) é unha forza capaz de desafiar as historias escritas polos homes e cambiar o motor do mundo por un en que as guerras non alimenten a existencia e si sexa o amor o que transforme a vida.



b.2) Morgana en Esmelle.



Esta obra pon o foco na subversión do mito e reconstrúe a historia desde unha perspectiva de xénero, fuxindo da épica bélica para entrar na ética dos coidados e a responsabilidade. Nela, Morgana non é aquela serea malvada chea de envexa e luxuria, non. Morgana é unha muller política, profundamente humana que domina un saber ancestral ligado á natureza e á xustiza. Ademais, é vítima dun engano de Merlín que vai provocar unha ferida traumática e establece un debate ben interesante sobre conceptos como a culpa, o perdón ou a linguaxe. Esta reescrita feminista dignificadora da figura das mulleres tamén deixa a súa impronta nos lugares: Avalon pasa de ser o lugar de repouso do Rei a un espazo de sororidade, refuxio e memoria feminina.

Nesta unidade, ao ser para un curso como primeiro da ESO, non é tan relevante profundizar nos conceptos como facer unha introdución entretida que semente un pouso sobre o que agromarán as lecturas futuras. Desta maneira, podemos "contar" a historia poñendo o foco en dous puntos ben interesantes:

- **Diálogo con *Merlín e familia* de Álvaro Cunqueiro.**

B. Caamaño retoma o mito desde onde o autor mindoniense o deixou para levalo un paso máis alá e denunciar, desta maneira, o silencio ao que foron sometidas as mulleres no relato histórico. Así, a autora vai manter a localización do mito en Galiza (Esmelle) e dalle unha carga política. Ademais, cuestiónase a figura do mago Merlín pola responsabilidade que ten na caída de Camelot e pola súa manipulación do destino das mulleres (como Igraine ou a propia Morgana).

- **Círculos sorores de mulleres.**

A gran novidade desta novela é a relación entre **Morgana e Xenebra**. Na tradición son inimigas acérrimas (a esposa contra a irmá), pero en Esmelle establecen un diálogo de recoñecemento e respecto mutuo. Desta forma, Xenebra xa non é o obxecto de desexo de Lancelot, senón unha muller que reflexiona sobre o seu papel nun mundo deseñado por homes.

Polo tanto, conclúe a obra propoñendo que a verdadeira traxedia de Camelot non foi a faltade virtude, senón a incapacidade do sistema patriarcal para integrara sabedoría e a autonomía das mulleres.

c) Recolla de citas.

Nesta parte das sesións de lectura acompañada, propoñemos a recolla daquelas citas que nos impacten (e sinalamos obra, páxina, etc.) para ir realizando carteis que preparen a aula, ou o espazo expositivo, de cara á actividade.



2.2.Xogo: Tecer o labirinto azul con Circe e Penélope.(2 sesións)

Despois das sesións de lectura acompañada e da recolla de citas é tempo de xogar co aprendido!

a) Obxectivos: O alumnado terá que reconstruír a identidade de Circe que foi fragmentada en diferentes "illas". Debemos, polo tanto, xuntar as mesas e facer seis grupos de cinco persoas cada un.

b) Materiais: A docente repartirá cartolinas de diferentes tons de azul para facer carteis, lás e fíos azuis de diversos grosos e composicións, sobres e exemplares de Circe ou o pracer do azul.

c) Instrucións: Temos a aula dividida en seis illas. Cada unha delas propondrá uns retos que prepararán de maneira colaborativa, en equipo e seguindo as indicacións da persoa docente. Unha vez que os retos están dentro dos sobres, e está todo preparado para xogar, cada grupo debe pasar por todas as outras illas e superar os retos propostos. Nese caso, recibirán un "Fío do laberinto azul" (un anaco de lá, fío ou corda azul). Se non conseguisen resolver o reto, deberán comezar de novo. Ao final, todos os grupos unirán os seus fíos nun gran mural que forme as ondas do mar de Eea.

Para a organización de cada illa podemos seguir a seguinte proposta:

Illa 1: O Espello de Circe (Identidade)

- **Reto:** No libro, Circe defínese a si mesma fóra do que din dela os heroes (Ulises). O grupo debe elixir **cinco adxectivos** que a Circe de B. Caamaño usaría para describirse e cinco que usaba a mitoloxía clásica.
- **Competencia:** Comprensión lectora e análise crítica

Illa 2: A Beberaxe das palabras (vocabulario e estilo)

- **Reto:** Begoña Caamaño usa unha linguaxe moi sensitiva e os recursos estilísticos destacan os elementos sensoriais. Polo tanto, a docente ofrecerá dez oracións con metáforas relacionadas coa cor azul ou a natureza (e a páxina da novela en que se encontran). Estas estarán incompletas e deberán reconstruílas correctamente consultando o libro. Para o reto, o grupo decidirá eliminar unha, como moito dúas palabras, da metáfora para que as demais persoas participantes sexan quen de resolver a expresión.
- **Competencia:** Enriquecemento do léxico e valoración do uso estético da linguaxe.

Illa 3: O Bestiario de Eea (Metamorfose)

- **Reto:** Circe transforma os homes en animais, pero nesta obra hai unha reflexión sobre a pel que habitamos. O grupo debe escribir un breve microrrelato (cinco liñas) sobre en que animal se transformaría alguén que non entende a liberdade, xustificando a elección segundo a psicoloxía do libro. A continuación, proporá ás diferentes persoas das outras illas que continúen o seu relato.
- **Competencia:** Creación literaria.

Illa 4: O Mapa do azul (Xeografía Mítica)

- **Reto:** As persoas "habitantes" desta illa deben situar nun mapa simbólico de Eea os momentos clave da trama (Onde sente Circe a soidade? Onde o pracer?). A continuación, no reto, preguntarán en que lugar acontecen as accións escollidas e deberán marcar os lugares no mapa para poder recibir o fío azul.
- **Competencia:** Localización espacial e interpretación de tramas.

Illa 5: O Xuízo do Olimpo (Oralidade)

- **Reto:** O alumnado habitante desta illa vai procurar na novela unha serie de argumentos que desmonten a visión patriarcal de Circe como bruxa. Despois, no reto, unha persoa do grupo fai de Hermes (mensaxeiro) e as outras deberán convencela de que Circe non é unha "bruxa malvada", senón unha muller que busca o seu lugar. Teñen dous minutos para dar argumentos baseados na lectura.
- **Competencia:** Oratoria e argumentación.

IIIa 6: A Canción das Sereas (Intertextualidade)

- **Reto:** Nun primeiro momento, a docente achega pequenos fragmentos da *Odisea de Homero* e de *Circe e o pracer do azul* en que se comparen como son as diferenzas fundamentais no tratamento da voz e do silencio. O grupo analiza, reflexiona e compáraos. Despois, decide cal corresponde co outro e fai unhas tarxetas de memorización:

1. Odisea
Circe é unha
bruxa
malvada

1. Circe ou...
Circe é unha
muller
libre

Posteriormente, no reto, lerán os fragmentos coas persoas que van participar, daranlles a volta e barállanse as tarxetas sempre cos números e co texto cara o lado da mesa. Para superar o reto, deberán ir facendo parellas (entre a versión tradicional e a reescrita moderna) segundo as descubren.

- **Competencia:** Mapa cultural e patrimonio literario.

Se che presta, no anexo 1 deixo algunhas ideas para completar esta actividade cun Pasaporte de Eea que o alumnado pode levar como un caderno de bitácora.



2.3. O mural colectivo (1 sesión)

Unha vez que os seis grupos superan o reto das seis illas e teñen os seus fíos, diríxense a un panel no fondo da clase. Alí, cada grupo pegará os seus fíos azuis formando ondas. No centro, colocarán unha silueta de Circe feita con recortes de frases favoritas que subliñaron durante a lectura.

Este mural trae consigo unha reflexión final: no xogo da literatura non hai quen gañe ou quen perda porque todas as voces importan. A literatura é unha rede que tecemos entre todas as persoas.



2.4. Teatro improvisado (1 sesión)

Esta actividade de teatro improvisado, ou role-play, é perfecta para rematar a unidade xa que permite que o alumnado de 1º de ESO faga unha recolla e síntese do aprendido sobre as obras de Begoña Caamaño e sobre a transmisión cultural.

A persoa docente pode propor un guión básico, pero o interesante son as achegas que o grupo faga e as reflexións espontáneas que nacen desta posta en escena.

O encontro das mulleres que cambian o conto.

► Personaxes: Circe (de Circe e o pracer do azul) e Morgana (de *Morgana en Esmelle*).

► Lugar: Unha cafetaría imaxinaria no Olimpo.

► Escena: As protagonistas toman un té de herbas de Eea. Conversan e contan como é a súa nova vida grazas a Begoña Caamaño e quéixanse de como as trataron os autores das épocas pasadas (Homero e Álvaro Cunqueiro).

► Proposta de guión:

→Circe (A de Grecia):

•A súa queixa: "Ai, Morgana... a min Homero pintoume como unha bruxa que convertía a todos en porcos só por rabia. Decía que eu era un perigo para o 'pobre' Ulises."

•A súa liberación: "Pero veu Begoña e deume o Azul. Explicou que eu o único que quería era que me deixasen tranquila na miña illa e ser amiga de Penélope."

→Penélope(a de Grecia):

•A súa queixa: "Pois a min puxéronme a esperar e esperar e esperar sen final. Veña todo o día a tecer, mentres Ulises andaba por aí de festa".

•A súa liberación: "Pero veu Begoña e deume o Azul. Por ese océano chegaban as cartas de Circe e entendín que eu tamén pododo navegar".

→Morgana (A de Esmelle):

•A súa queixa: "Pois a min, entre as lendas artúricas e o que escribiu Cunqueiro, tratáronme de fada malvada, de envexosa e de perdida. Ninguén se parou a pensar por que eu estaba enfadada co meu irmán Artur."

•A súa liberación: "Begoña tróuxome a Esmelle. Deixoume chorar, explicar a miña dor e buscar a Merlín para pedirlle contas. Deume unha voz de muller real, non de debuxo animado."

► Dinámica de representación:

1.Preparación (5 min): O grupo escolle tres persoas voluntarias. Unha fai de Circe, outra de Penélope e outra de Morgana.

2.O Diálogo (5 min): Deben falar entre si seguindo este fío:

-Como me tratou o autor home (Homero/Cunqueiro).

-Como me salvou Begoña Caamaño.

-Que facemos agora que somos libres e donas da nosa historia.

3.Intervención do público (15 min): O resto da clase pode facerlles preguntas como se fosen xornalistas do 2026: "Circe, botas de menos a Ulises?" ou "Morgana, que tal se vive en Galicia?".

Esta representación improvisada supón unha conclusión, un punto e seguido na celebración das Letras Galegas e da obra de Begoña Caamaño.

A continuación, no que resta de sesión, pedirémoslles que fagan, tamén, unha autoavaliación que nos permite e lles permita reflexionar sobre os contidos adquiridos e as competencias desenvolvidas.

2.5. Avaliación

2.5.1. Folla de autoavaliación(1º ESO):

Podes entregarlles este pequeno formulario ao final da clase para que reflexionen sobre o seu propio traballo.

O meu rastro en Eea

Nome: _____ Grupo: _____

Marca cun "X" como te sentiches durante o xogo:

O meu traballo hoxe...	Moi ben	Regular	Non moi ben
Participei activamente en todos os retos do grupo.			
Escoitei e respectei as ideas das miñas compañeiras e compañeiros.			
Entendín por que Circe e Penélope son amigas no libro de Begoña Caamaño.			
Fun capaz de atopar diferenzas entre o mito antigo e esta novela.			
Gustoume traballar de forma creativa (debuxos, cartas,etc).			

2.5.2. Rúbrica de avaliación (1º ESO)

Esta rúbrica permite avaliar tanto o proceso (o xogo) como o produto final (o caderno e o mural).

Criterio de Avaliación	Insuficiente (0.5)	Ben/Suficiente (1 p.)	Notable (1.5 p.)	Sobresaínte (2 p.)
Comprensión literaria	Non identifica as diferenzas entre a Circe de Homero e a de Caamaño.	Identifica algunha diferenza básica.	Comprende ben o cambio de perspectiva de Caamaño sobre o mito.	Analiza con profundidade a humanización do personaxe e a súa busca de liberdade.
Creatividade e escritura	Os textos creados son incompletos ou non teñen relación co libro.	Redacta textos sinxelos que cumpren coa tarefa sen destacar.	Crea contidos orixinais que reflicten o estilo sensorial da autora.	Produce textos excelentes que captan a esencia de Circe e a sororidade de Penélope.
Análise da muller no mito	Non percibe a importancia de dar voz ás mulleres no texto.	Recoñece que o libro fala de mulleres, pero non explica por que é distinto ao mito.	Explica a relación entre Circe e Penélope como unha alianza necesaria.	Conecta de forma crítica a "voz propia" de Circe coa de Morgana en Esmelle, valorando o legado de Begoña Caamaño.
Traballo en equipo	Existen conflitos no grupo ou algúns membros non participan.	Colaboran na realización das probas, pero con pouca organización.	Traballan de forma coordinada e respectuosa en todas as illas.	Amosan un liderado compartido e axúdanse para que todos comprendan a lectura.
Competencia cultural	Descoñece a relevancia de Begoña Caamaño no sistema literario galego.	Sabe que é a homenaxeada nas Letras Galegas, pero non afonda no porqué.	Entende a importancia de B. Caamaño para a literatura galega contemporánea.	Valora e defende o papel de Caamaño como tecedora de memorias na nosa cultura.

Anexo 1. Pasaporte de Eea.

Este deseño podes copialo nun Word ou nun Canva xa que cabe en dúas páxinas A4 e así queda listo para a impresión.

Se o imprimes a dobre cara e o dobras pola metade, terás un libreto de 4 páxinas que o alumnado pode levar na man como un auténtico caderno de bitácora e quédache algo parecido a isto:



PÁXINA 1: PORTADA E IDENTIDADE (Exterior)

Lado Dereito (Portada):

Pasaporte ás illas de Eea.

Rutas do Mito e a Palabra

(Debuxo dun tridente e un pergamiño cruzados)

Lado Esquerdo (Contraportada - Regras do Labirinto):

As leis de quen navega.

1. Unión: O reto véncese en equipo ou non se vence.
2. Respecto: A palabra da docente é a lei do Olimpo.
3. Persistencia: Se fallas, o mar devólvetes á beira para tentalo de novo.
4. O Tesouro: O fío azul é a túa única guía para saír. Non o perdas.

PÁXINA 2: REXISTRO E DIARIO (Interior)






Lado Esquerdo (Identidade de quen navega):

Identidade da persoa navegante.

- **Nome e Apelidos:** _____
- **Liñaxe (Grupo):** _____
- **Atributo Divino:** _____
- **Obxecto Máxico:** _____
- **Navegante (Debúxate)**

Lado Dereito (O Camiño):

Rexistro de travesía

ILLA E RETO	SELO	FÍO
1. O Espello de Circe	[]	
2. A Beberaxe das Palabras	[]	
3. O Bestiario de Eea	[]	
4. O Mapa do Azul	[]	
5. O Xuízo do Olimpo	[]	

PÁXINA 3: DIARIO E MAPA (Interior Posterior)

Lado Esquerdo (Diario de a bordo):

Diario de a bordo.

Breve reflexión tras superar cada reto:

- Illa 1: _____
- Illa 2: _____
- Illa 3: _____
- Illa 4: _____
- Illa 5: _____

Lado Dereito (Mapa do Labirinto):

Mapa do labirinto azul.

(Espazo para que o alumnado debuxe un esquema do movemento entre as illas)



UNIDADE DIDÁCTICA: PODCAST “CELEBRAMOS A BEGOÑA CAAMAÑO”

O 18 de abril de 2026 a Asemblea de Mulleres do STEG organizou na Casa do Taberneiro, en Santiago de Compostela a gravación dun podcast como homenaxe a Begoña Caamaño no ano en que se lle dedican as Letras Galegas.

Esta UD deseñouse para usar nos últimos cursos da ESO e en Bacharelato, nun grupo de ata trinta persoas, mais é adaptable.

Desenvólvese nos tres capítulos en que se organiza o podcast, con cadanseu núcleo temático arredor da figura de Begoña Caamaño: a xornalista, a activista feminista e a novelista.

Para cada un dos capítulos deseñáronse unha serie de preguntas que acompañan a audición, para traballar a escoita atenta, seguidas de actividades de investigación e creación, para que o alumnado participe de forma activa e cumprir así coas competencias da LOMLOE (especialmente a CCL, CCEC e CC). Deseñamos tamén unha pequena autoavaliación final que explora os intereses suscitados no alumnado.

Respecto á temporalización, contaremos con tres sesións de 50 minutos para o desenvolvemento desta unidade didáctica. Cómpre aclarar que a UD non está pensada para ser desenvolvida na súa totalidade, senón como un banco de recursos para que cada docente escolla as actividades máis acaídas para a súa clase, deste modo, as sesións poden reducirse ou ampliarse segundo as necesidades da aula e as actividades seleccionadas.

1. COMPETENCIAS

CCL (Comunicación Lingüística):

- escoita activa e comprensión oral
- expresión oral e escrita

CCEC (Conciencia e Expresión Culturais):

- Coñecemento do mito clásico e a súa reinterpretación moderna.
- Posta en valor da obra de Begoña Caamaño e da óptica feminista dentro da literatura galega.

CPSAA (Persoal, Social e de Aprender a Aprender):

- Traballo cooperativo en equipo, xestión do tempo e empatía coas personaxes.

CC (Competencia Cidadá):

- Reflexión sobre a igualdade de xénero e a necesidade de recuperar a voz das figuras silenciadas pola historia (sororidade).
- O antimilitarismo

CP (Competencia Plurilingüe):

- Comparación da tradición épica grega e da prosa románica medieval coa literatura galega actual.

2. TEMPORALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE.

Sesión 1:

Episodio 1. A Begoña Caamaño xornalista - Celebrando a Begoña Caamaño Letras Galegas26. STEG - Podcast en iVoox

Sesión 2:

Episodio 2. A Begoña Caamaño activista feminista - Celebrando a Begoña Caamaño Letras Galegas26. STEG - Podcast en iVoox

Sesión 3:

Episodio 3. A Begoña Caamaño escritora - Celebrando a Begoña Caamaño Letras Galegas26. STEG - Podcast en iVoox

3. AUTOAVALIACIÓN

1. Que sabía de Begoña Caamaño antes de escoitar o podcast?
2. Pareceume un formato interesante para achegarme á Begoña xornalista?
3. Pareceume un formato interesante para achegarme á Begoña activista feminista?
4. Pareceume un formato interesante para achegarme á Begoña novelista?
5. Que aspectos da súa obra chamaron máis a miña atención?
6. Despois de escoitar o podcast quero saber máis sobre...
7. O que aprendín de Begoña Caamaño foi...
8. Tamén aprendín...
9. Interesaríame ler...

EPISODIO 1. A BEGOÑA CAAMAÑO XORNALISTA

Durante a escoita: presta atención e completa.

Le as cuestións previamente (5 minutos) e vai completando a información a medida que escoitas o podcast (aproximadamente 18 minutos) despois poñédeo en común (10 min)

1. Na gravación do podcast van intervir unha serie de mulleres que, igual que Begoña Caamaño, desenvolven as súas carreiras, como escritoras, docentes e xornalistas, desde unha perspectiva feminista e de loita contra a censura: Lucía Junquera, Pim Patinho, Susana Sanches Aríns e Eli Ríos. O podcast está dirixido pola escritora e xornalista...
2. A gravación foi realizada pola xornalista Sabela Pernas cun equipo da Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, ou o que é o mesmo...
3. Begoña Caamaño naceu no barrio vigués do Calvario e faleceu no 2014 en...
4. Begoña Caamaño foi activista, sindicalista e unha das principais referentes no...

5. O nome do tema de homenaxe gravado por Uxía en colaboración con Malvela é...

6. A autora foi proposta para ser homenaxeada coas letras galegas por Marilar Aleixandre, María López Sández, Margarida Ledo, Chus Pato, Francisco Fernández Rei e Ana Romaní, todas elas integrantes da...

7. Ana Romaní traballou con Begoña Caamaño na...

8. En canto ao recoñecemento do seu labor como xornalista; fronte ao momento actual no que imperan a precarización, a globalización e a desinformación, este 17 de maio é unha homenaxe ao exercicio...

9. A xornalista Lucía Junquera dirixiu para o CPXG un podcast sobre Begoña Caamaño chamado...

10. Begoña Caamaño colaborou coa prensa en xornais como Tempos Novos, A Nosa Terra ou Novas da Galiza, mais desde os seus comezos estivo sempre ligada a outro medio de comunicación:....

11. Lucía Junquera fai un alegato sobre a importancia de que os arquivos radiofónicos dos medios públicos galegos sexan de libre acceso, pois desde a radio tamén se fai...

12. Parécelle que sería especialmente interesante poder acceder aos informativos nos que Begoña Caamaño informou xunto con Fani del Río sobre o conflito do...

13. As ansias de saber e de coñecer outras realidades fan que un dos valores fundamentais do xornalismo de Begoña Caamaño sexa...

14. A vocación didáctica está tamén no seu xornalismo, seguramente pola súa formación en...

15. Xornalistas Galegas e o asociacionismo feminista nos medios teñen como predecesora a plataforma MUGACOM (Mulleres Galegas na Comunicación) que Begoña axudou a fundar no ano...

16. Desde MUGACOM fixeron un informe sobre o nesgo de xénero nos titulares dos xornais galegos e tamén un manifesto que alertaba sobre...

17. Lucía Junquera sinala que a finais dos 90 as mulleres sabíanse maioría no xornalismo e eran conscientes de que debían mobilizarse para poder ter as mesmas posibilidades de...

19. Begoña Caamaño cría na loita en común, por iso formou parte do primeiro Sindicato Galego da Comunicación, estaba colexiada e estivo á fronte do comité de empresa da...

20. Begoña facíase moitas preguntas, de feito, Ana Romaní di que Circe ou o pracer do azul naceu da pregunta...



Despois da escoita: investiga e crea.

1. Ademais de ser proposto na RAG, que requisitos debe cumprir unha autora para poder ser homenaxeada co Día das Letras Galegas?

2. No Informe de MUGACOM de 1999 "A presenza das mulleres na información dos diarios galegos" falaban dun nesgo de xénero. Investiga sobre os autores e autoras homenaxeados co Día das Letras Galegas, pensas que podemos falar tamén dun nesgo de xénero? A que cres que é debido?

Redactade un informe no que aportedes eses datos. Deberá ter os seguintes apartados: Introducción, datos en forma de gráficas comentadas, conclusións e propostas de cara ao futuro.

3. No podcast tanto Lucía Junquera como Marga Tojo sinalan que na actualidade hai un exceso de desinformación, globalización e precarización das condicións dos traballadores e traballadoras nos medios e que iso causa desmobilización á hora de reclamar os seus dereitos laborais. Porén, algunhas asociacións de xornalistas, como AGARESO (Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social) ou o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, de cuxa dirección forma parte Lucía Junqueira, traballan para palialo. Coñeces algunha outra plataforma galega que aborde este tipo de reivindicacións? Como se chama? Que é o que denuncia?

4. Tes escoitado falar da “neutralidade ideolóxica”? Que significa? Pensas que é posible acadala?

Debatede na clase sobre este tema a partir destas posturas:

POSTURA A: Todo o que non é neutralidade ideolóxica é manipulación e adoutrinamento.

POSTURA B: A neutralidade ideolóxica non existe, pois calquera escolla de contidos leva detrás unha decisión motivada por algo.

5. Como debería ser a información? Escíbide un decálogo que recolla as ideas que definen unha información fiable.

6. Imaxínade que podedes facerlle unha entrevista a Begoña Caamaño. Escíbide as preguntas que lle fariades.

Aquí tedes algúns exemplos:

<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=22279#>

https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/ccg_pr_a19-mulleres_CCG_ig_album_Bcaamanho_praza_2012.pdf

https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/ccg_pr_a19-mulleres_CCG_ig_album_Bcaamanho_GH_2010.pdf

7. Investiga en que consistiu o conflito pesqueiro e diplomático coñecido como “Guerra do Fletán” e reflexiona sobre a importancia que tivo nese momento para a Galiza ter unha información de primeira man e no noso idioma.

Redacta un texto argumentativo sobre a importancia da existencia duns medios públicos no noso idioma que ofrezan información de calidade.

8. No número 7 da revista *Festa da Palabra Silenciada* Begoña Caamaño escribe un artigo titulado “Ser muller na radio” no que afirma que “O mundo da radio non está exento de discriminacións sexuais” e toca o tema do chamado “teito de cristal”. Explica o termo, despois le o artigo e copia un parágrafo que o exemplifique.

9. Investigade máis datos sobre a biografía de Begoña Caamaño e gravade vós un pequeno podcast informativo explicando os motivos polos que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2026.

EPISODIO 2. A BEGOÑA CAAMAÑO ACTIVISTA FEMINISTA

Durante a escoita: presta atención e completa.

Le as cuestións previamente (5 minutos) e vai completando a información a medida que escoitas o podcast (aproximadamente 15 minutos) despois poñédeo en común (10 min)

1. A súa amiga Uxía define a Begoña Caamaño con estes adxectivos...
2. Na canción que lle dedica di que “Begoña sementou mil amizades, vestidiña de cor lila, defendendo a...”
3. A ferrolá Pim Patinho compartiu con Begoña Caamaño o activismo na Marcha Mundial das mulleres e en ...
4. Deseñaban non só campañas, senón tamén accións...

5. A Información e formación era tamén moi importante, porque debían abarcar multitude de temas, como: coeducación, violencia de xénero, antimilitarismo ou os dereitos...

6. Begoña deixou inconcluso un libro que ía tratar sobre...



7. Patinho explica as dificultades de coordinar un traballo colectivo para organizar as campañas e accións de rúa sen teren...

8. Sobre as accións de rúa di que é difícil ter hoxe documentación gráfica porque tampouco...

9. Destaca unha acción de rúa con tema antimilitarista o 24 de maio de 1996 na que participou Begoña Caamaño en Ferrol e que consistiu en despregar dúas faixas xigantes sobre unha estatua ecuestre de Franco co tema...

10. Begoña Caamaño era a única muller no Consello de Redacción da revista antimilitarista..

11. A Asociación de veciñanza de Esmelle convidouna a presentar alí a novela Morgana en Esmelle porque ese topónimo (que ela escolleu como homenaxe a Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro), dentro da xeografía galega, é ...

12. Begoña Caamaño dicía "É tempo de feminismo, é dicir, de xustiza, igualdade, dignidade e, por que non?, de ...

Despois da escoita: investiga e crea.

1. Escoitade completo o tema Begoñísima e comentade a súa letra. Despois de oílo, como diríades que lles gusta ás súas amigas lembrar a Begoña? Por que?

2. Begoña Caamaño escribe o limiar para o libro-disco de Uxía Rosalía *pequeniña*. Nel di que “Rosalía é moito máis do que nos contan os libros de texto (..) atrevíase non só a escribir, senón a publicar os seus poemas e novelas en tempos en que ás mulleres tal cousa lles estaba prohibida”. Tamén di que “cando o galego era considerado lingua de “pobres e iñorantes” (...) escribiu e cantou en galego: a lingua do seu pobo”. Explica que similitudes atopas entre a obra de ambas as autoras?

3. Crea unha imaxe que represente a acción de rúa narrada por Pim Patinho.

Se queres ver máis imaxes de Begoña Caamaño en actos feministas podes velas nesta galería:

[Compañeira Begonha Caamaño | Feminismo na Galiza](#)

4. Emulando a Begoña e as súas compañeiras, deseñade unha pequena acción de rúa para reivindicar o feminismo de Begoña Caamaño e levádeaa a cabo.

Podedes inspirarvos nesta cita súa “ É o momento non de cambiar as regras, senón de cambiar de xogo. É o momento de mudar o mundo”.

5. No número 6 da revista *Deliberadamente Caamaño* escribe “Triste é o cantar que cantamos”, un artigo sobre a violencia de xénero e a necesidade de que sexa entendido como un fenómeno estrutural e non como unha suma de accións individuais.

Buscade titulares de xornal para creardes un mural colaxe que sirva como demostración desta idea.

6. Nos seus artigos abordou temáticas de empoderamento feminino, violencia de xénero, desigualdades laborais, globalización e antimilitarismo, sempre desde unha óptica feminista e galeguista, pois outro dos seus activismos foi o lingüístico. Gravade vós unha pequena reportaxe de opinión en formato podcast na que desenvolvedes algún destes temas.



Foto cedida por Mulleres Nacionalistas Galegas (MNG), publicada nunha das súas axendas. Begoña Caamaño é a segunda persoa a esquerda

EPISODIO 3. A BEGOÑA CAAMAÑO NOVELISTA

Durante a escoita: presta atención e completa.

Le as cuestións previamente (5 minutos) e vai completando a información a medida que escoitas o podcast (aproximadamente 32 minutos) despois poñédeo en común (10 min)

1. Di Roland Barthes que os mitos dotan de sentido o mundo a través de relatos que parecen naturais, mais que constrúen...
2. Tanto Susana Sanches Aríns como Eli Ríos son docentes, escritoras e integrantes do colectivo de crítica literaria feminista...
3. *Circe ou o pracer do azul* é definido por Susana Sánchez Aríns como un manual de...
4. Susana Sanches Aríns di que a ollada é o que realmente muda Begoña Caamaño na novela, pois cada unha das protagonistas segue sendo quen é, mais Begoña consegue cambialas dándolles ...
5. Begoña Caamaño reinterpreta a épica homérica da Odisea desde o modelo íntimo que marcan as cartas, este modelo epistolar permítelles ás personaxes...
6. Segundo Eli Ríos, Begoña Caamaño cambia o relato poñendo as mulleres a...
7. Begoña non só revisa as personaxes protagonistas senón todo o sistema ...

8. Tanto Circe como Penélope falan das outras mulleres e reinterpretástanas, polo que o espazo para modelos de mulleres diferentes na obra é...

9. Eli Ríos di que a relectura da mitoloxía que fai Begoña Caamaño ten o valor engadido de que sempre o fai desde...

10. Begoña afirmaba que a amizade era a forma máis pura...

11. Susana Sáchez Aríns pon de relevo a desaparición dos currículos das autoras unha vez que morren e a importancia das Letras Galegas para...

12. Para Susana a mellor forma de levar a Begoña ás aulas é...

13. Eli Ríos pensa que debemos escoitar...

14. Na carta de Begoña Caamaño a Uxía dille que a súa vida foi...



Compara o verso final do poema de Xohana Torres con este fragmento de Circe ou o pracer do azul falando de Penélope: “Grazas ás cartas de Circe era máis forte, máis sabia e non volvería ser submisa (...) agora, tamén ela sabía navegar” (Páx. 284).

6. *Morgana en Esmelle* é unha relectura da materia de Bretaña ou artúrica, que foi amplamente tratada tamén na nosa literatura actual: Cabanillas, Cunqueiro, Méndez Ferrín ou Darío Xohán Cabana desenvolvérona nas súas obras.

Se localizala en Esmelle e recuperar a voz narradora de Felipe de Amancia sitúaa no mundo narrativo do *Merlín e familia* de Cunqueiro, co que comparte a galeguización de temas e personaxes; o filtro violeta das lentes coas que Begoña mira, cambia a esencia das personaxes. Fíxate nos seguintes fragmentos literarios e:

- a) Compara a Xenebra descrita por Cunqueiro e a Penélope do mito clásico e da obra de Caamaño.
- b) Repara na presenza do corvo como ave mensaxeira, compárao coa ave de Circe ou o pracer do azul e explica o seu simbolismo.
- c) Comenta como se retratan neles as relacións entre as personaxes femininas.
- d) Compara os efectos da conversa entre Xenebra e Morgana cos da relación epistolar entre Circe e Penélope.

A ENTREGA DO CORAÇOM DE GENEVRA

“A raíña Genevra entrou em ordem com pavor dos filhos de Morderet (...) caeu logo en camanha enfermidade que todos aqueles que a viam haviam maior asperança em sa morte ca em sa vida.

(...)

Em aquela abadía havia ãa monja que entrara em ordem porque entendera em Lançalot e nom na quisera e desamava a raíña mui de coraçom porque a leixara Lançalot por amor da raíña. E pensou que, pois ela nom podia vingar sa sanha em Lançalot que a vingaría em a raíña”.

A demanda so Santo Graal (en VV.AA., Viá láctea 1987: Literatura galego-portuguesa medieval. Páx 82 e 83)

A CASA DE MERLÍN

“A primeira na casa, despoixas de don Merlín era mi ama dona Ginebra. Era unha señora mui sentada verán e inverno coa súa peleriña negra mui bordada con abalorios. (...) Cáseque non saía da casa, e pola serán sentábase no salón a carón do balcón grande, a bordar nun gran pano que ía envolvendo a poucos arredor dunha cana de prata. (...) Algo de tristura coido eu que levaba aquela señora Ginebra nos ollos mouros, e se che sorría, que non era cada e cando, era como se che pedise a esmola de que ti sorrises tamén. Dicían que era viúva dun grande rei que morreu na guerra e que tivo a noticia por un corvo cando estaba en Miranda probando un peite de ouro”

Merlín e Familia. Álvaro Cunqueiro (13ª edición, Galaxia, 1992. Páx. 19: Adapt.)

AS DÚAS DAMAS

“Dona Xenebra levaba dous días na cama, cunha catarreira que collera o último domingo pola mañanciña
(...)”

Escoitamos entón uns risiños suaves e ledos que viñan da parte do cuarto de dona Xenebra e a tal estancia foi que nos diriximos para quedar ambos os dous no limiar pampos ao mirar para a señora Morgana sentada aos pés da cama de dona Xenebra e ver as dúas damas en cómplice e alegre latricada.

(...)

A señora Xenebra faloulle con aquela súa voz doce e medida.

– Xa estás de volta, meu queridísimo Merlín? Agardo que o encontro co teu amigo fose polo menos a metade de agradábel que a miña xornada. Grazas á miña irmá Morgana vencín case o catarro e sandóuseme a alma. E son aínda tantas as cousas que temos que confiarnos!”

Morgana en Esmelle. Begoña Caamaño (2ª edición, Galaxia, 2025. Páx 162 a 167)

7. Pim Patinho dicía, no episodio dedicado ao activismo feminista, que unha das temáticas que abordaban no activismo feminista era a revisión de roles nos contos. Esta foi unha técnica amplamente abordada por Begoña Caamaño nas súas novelas. Antes da súa morte tiña comezado outra novela cuxa protagonista era Sherezade, a narradora d'As mil e unha noites que salva a súa vida grazas ao seu don para contar historias.

Imaxina que es Sherezade e escribe unha carta a Begoña Caamaño explicando cales son os teus sentimentos ante esta situación e como che gustaría que tivese acabado a súa novela.

8. Escolle un fragmento da obra literaria de Begoña Caamaño e grava un podcast facendo unha lectura dramatizada.

**As Imaxes que representan a Begoña Caamaño nesta UD foron creadas con IA (salvo a portada, creada por Sacauntos para o STEG). Non representan a realidade nin pretenden dar a entender que a autora pertencese ao noso sindicato nin á plataforma DefendeAGalega; senón ser unha homenaxe, desde o cariño e a admiración, de todas as mulleres que participamos na súa creación e de toda Asemblea de Mulleres do STEG e celebrar, desde a sororidade e o sindicalismo feminista e galeguista, o seu ano das Letras Galegas.*

